

Abracadabra Nº 44

DE EXPLORACIÓN

PASATEMPOS:
CHISTES, MAPA, TRABALINGUAS...

GALERÍA DE FOTOS

MANUALIDADE

QUE HAI DE NOVO ...?



DE EXPLORACIÓN

Vexamos... mochila, lanterna,... Ola! Estou a facer unha lista coas cousas esenciais que necesitarei para saír a explorar. Que! Non me miredes con cara rara... Grazas aos exploradores e exploradoras coñecemos hoxe como é o planeta que habitamos e parte do espazo exterior. E eu quero formar parte desta grande e exclusiva extirpe de exploradores.

Dentro duns anos, o meu nome aparecerá á beira doutros como Cristóbal Colón, quen, explorando unha ruta alternativa para chegar ao afastado oriente, atopouse con América, un vasto continente do que aínda non se oía falar. Ou, ao de Egeria, unha moza galega que escribiu no século IV, o relato de viaxes máis antigo do que se ten coñecemento en España e pasou a ser coñecida como a primeira gran viaxeira da que temos noticias.

Ou como Charles Darwin, que iniciou unha volta ao mundo que duraría cinco anos a bordo do Beagle e que deu como resultado nada menos que: a orixe das especies e a teoría da evolución!!! Ou como May French Sheldon, que encabezou unha expedición ao Kilimanjaro e demostrou que non era necesario usar a violencia nas expedicións. Ao meu modo de ver, a maior concesión feita por un explorador.

Ou como Yuri Gagarin ou Valentina Tereshkova, astronautas rusos que pasaron á historia como o primeiro explorador do espazo e a primeira muller en viaxar ao espazo respectivamente.

Ou como tantos outros... Magallanes, Livingstone, Osa Johnson e o seu marido Martin, Neil A. Armstrong, Isabella Bird, Philibert Commerson e Jeanne Baret, Cousteau, Cindy Le Van Dover,... A lista é tan longa que é imposible mencionalos a todos... Aquí nomeei os primeiros que se me pasaron pola cabeza, pero se tivese que escoller un... mmmmmm... a verdade é que non sabería cal elixir...

Aí chega o meu irmán... A ver que opina el. - Eh!!! Se tiveses que escoller un explorador, con cal quedarías?

- Normalmente uso google.
... ?!!! ...

Chegariamos ao final dunha era? Poderase explorar todo desde o computador da túa casa? Son os satélites e os computadores as novas ferramentas de exploración?

Creo que será mellor que revise a lista de cousas necesarias para saír a explorar...

Vémonos no próximo número!!!!



PASATEMPOS

CAPITAIS DO MUNDO

Como bo explorador completa as capitais que lle faltan a este mapa.
Se non es capaz necesitas seguir explorando a zona...
Podes consultar os atlas da Biblioteca para verificar o resultado e coñecer outras partes do mundo.



No planeta conviven moitas linguas.
É difícil que as aprendas todas,
pero vocalizar con fluidez
pódeche axudar con calquera delas.

Para iso, traémosche estas frases...
Es capaz de repetilas 10 veces seguidas
con rapidez?

- Froto fresas frescas fritas.
- Pato pecas pica poco, pero pita como loco.
- Grillo pillo pilla brillo.
- Gasta gasa, gusta guisa, gesta guasa.
- Roza raso, reza risa rusa.



CHISTES

E, por suposto, aquí están os chistes que estabades a esperar.
Non bebedes mentres os ledes...

¿Por qué estás hablando con esas zapatillas?
Porque pone "converse".

¿Qué son 50 físicos y 50 químicos juntos?
Pues 100tíficos.

Me da un café con leche corto.
Se me ha roto la máquina, cambio.

¿Qué le dice un huevo a una sartén?
Me tienes frito.

DÚBIDAS RAZOABLES

E para acabar dúas dúbidas razoables...

* Se os zombis se desfán co paso do tempo, zombiodegradables?

E...

* Se algún me di que non lle faga caso, e non lle fago caso...
estou a facerlle caso?

GALERIA DE FOTOS



Unha mostra dos traballos presentados polos nen@s
na actividade de animación á lectura "Que non pare o conto".

Gozando no Taller de Pintura deste verán.



MANUALIDADE

Para un explorador o obxecto máis prezado que pode levar consigo é o COMPÁS, por iso propoñémosvos esta manualidade.

Como facer o teu propio compás?

Unha agulla imantada sempre sinala o norte magnético.

Así que imanta unha e fabrica o teu propio compás.



1.

Co ollo da agulla cara abaixo, pasa o imán ao longo da agulla. Repíteo 50 veces na mesma dirección.



2.

Atravesa un disco de cortiza coa agulla. Cunha pluma ou bolígrafo marca unha frecha na cortiza na mesma dirección da punta da agulla. Este será o norte.



3.

Coloca a cortiza nun cunco con auga. Cando a cortiza se pare, a punta da agulla marca cara ao norte. Se tes un compás, comproba que indica o mesmo.




Para comprobar onde está o norte cun compás...

Colle un compás e asegúrate de que non estás preto de nada metálico.

Sen movelo, espera a que a agulla deixe de moverse.

Vira o compás lentamente ata que a agulla de cor indique " N".

Este será o norte magnético.



Tamén podes marcar na cortiza os puntos de sur, leste e oeste.

Esta e outras actividades pódelas consultar no libro "200 actividades contra el aburrimiento" de Paul Scott. Dispoñible na Biblioteca Xuvenil. 379 SCO dos / v

QUE HAI DE NOVO...?

* **Comezamos as actividades cun montón de novidades:** os venres "Talleres de Ciberseguridade" e os sábados pola mañá, cun taller de "Robótica e programación" para nen@s de 9 a 14 anos e de "Lego Wedo" para nen@s de 7 e 8 anos. Consulta o programa

* **CELEBRACIÓNS** no vestíbulo da biblioteca con Talleres abertos para todas as idades para celebrar o 24 de outubro o "Día da Biblioteca" e o 31 de outubro o "Samain".

* En vacacións de Nadal organizamos, como todos os anos, os "Talleres de pintura", impartidos por Luisa Valdés. Infórmate na biblioteca.

* Lembrade que podedes facer as vosas reservas e renovacións dos libros na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* Comezamos co **BONOLIBRO!** Para participar só tes que cubrir as 15 casas que che propoñemos e se o finalizas recibirás un agasallo e poderás ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca. Anímate!

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

WEB: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

Blog: <http://bibliotecadicoruna.blogspot.com>

Fotos: www.flickr.com/photos/bibliotecadicoruna

